

O verbo (1) A persoa e o número

Este texto perdeu os verbos. Colócaos no lugar que corresponda.

botaba

quería

chorase

vivía

era

choraba

levaba

matan

beben

morren

apagarán

pasou

—Unha vez un río, e no río unha nena toda
ela de auga que, cando , bágoas de lume.

—Pero entón **apagábaas** a auga, non si?

—Claro, porque a auga do río non que nunca.

—E que máis?

—Un día pola beira un príncipe de lume que
moita sede.

—E como a sede os príncipes de lume?

Porque se auga .

—Pois a sede... con bágoas de auga.

Coloca as formas verbais no lugar que lle corresponda dentro do cadro.

(vós) falades

(eu) falo

(nós) falamos

(ti) falas


(el/ela) fala

(eles/elas) falan

Hai tres persoas verbais en singular e tres en plural:

Persoa	Número	
	Singular	Plural
Primeira		
Segunda		
Terceira		

Observa os debuxos e escribe a forma verbal que falta en cada oración:



- Onte Martiño con Raia por teléfono.
- Hoxe os dous ao fútbol.
- Mañá ao río cos demais amigos.

Clasifica os verbos destas oracións segundo o tempo que indiquen.

Vistes o home do chándal gris?

Quero unha botella de auga mineral, por favor.

Os rapaces **collerán** un atallo ata o río.

Pasado	Presente	Futuro